

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 8 de xullo de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día oito de xullo de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(786).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 24 de xuño de 2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(787).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. CONCESIÓN. EXPTE. 12/1149, 13/2066, 16/621, 13/2066.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta da traballadora Social Responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- Rosa Márquez Rocha. Expte. 16/621.
- Alba Sánchez Serantes. Expte. 12/1149.
- Rosalía Rodríguez Lorenzo. Expte. 13/2066.

3(788).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 125.881,29 € A FAVOR DE FUNDACIÓN ALDABA POLO DISPOSITIVO DE ATENCIÓN Á INFANCIA E Á FAMILIA (MARZO). EXPTE. 62496/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 30.06.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de actividades económicas, do 21.06.11, conformado polo xefe da Área de Benestar Social e pola concelleira-delegada de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 125.881,29 €, a favor de “FUNDACIÓN ALDABA”, Cif. G-82453606, pola realización do dispositivo de atención á infancia e á familia durante os meses de marzo, abril e maio de 2011.

2º.- Imputar o gasto de 125.881,29 euros á partida orzamentaria 2310.226.09.07 “Programa menores-convenio infancia”, con cargo ao RC 201100024629.

4(789).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN A ALDESA SA CONSTRUCCIONES DE PARCELA MUNICIPAL DO PARQUE TECNOLÓXICO DE VALADARES. EXPTE. 19211/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 23.06.11, conformado pola xefa de Área de Réxime Interior e pola concelleira-delegada de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Autorizar a ALDESA SA CONSTRUCCIONES a ocupación do dominio público con materiais de construción e terras na parcela nº 16B do Parque Tecnolóxico de Valadares, nas seguintes condicións xurídicas e técnicas:

1. *A autorización comprende exclusivamente o dereito a ocupar a parcela municipal con materiais de construción e terras para a realización das obras de construción que leva a cabo a autorizada na parcela nº 15 colindante, con exclusión expresa de calquera outro uso ou fin. A presente autorización non implica en ningún caso cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre a mesma.*

2. *A seguridade e mantemento da parcela corresponderanlle á dita entidade, debendo responder dos danos e perdas que se ocasionen a terceiras persoas ou á propia administración municipal, como consecuencia do seu estado ou utilización.*
3. *O Excmo. Concello de Vigo reservase a facultade de inspeccionar o estado da parcela e a súa adicación os fins autorizados. Se con motivo da inspección se observase calquera anomalía poñerase esta circunstancia en coñecemento do solicitante para que proceda a súa subsanación no prazo concedido ó efecto, procedéndose en caso contrario a revogación da autorización.*
4. *O Concello carece de responsabilidade algunha sobre a parcela e os materiais nela depositados, non respondendo dos posibles danos, avarias, deterioros ou destrución total ou parcial que poidan sufrir, incluso por feitos derivados de actos de terrorismo, sabotaxe, vandalismo, fortuitos ou forza maior.*
5. *A presente autorización estará suxeita o aboamento das taxas correspondentes por ocupación do dominio público municipal, de acordo co disposto na Ordenanza Fiscal correspondente.*
6. *A entidade autorizada deberá depositar unha fianza por importe de 10.000 € (Dez mil euros) para responder dos danos que se poidan ocasionar ao dominio público ocupado, ou no desenvolvemento da actividade, e do cumprimento das demais obrigas previstas na presente autorización.*
7. *A autorización outorgase por un prazo improrrogable de 16 meses a computar dende a data da súa formalización en documento administrativo.*
8. *A presente autorización non será transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel de ser gravada con carga ningunha.*
9. *A autorización extinguirase pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:*
 - a) *Transcurso do prazo polo que foi outorgada a autorización .*
 - b) *Renuncia da empresa a autorización.*
 - c) *Incumprimento dos fins ou actividades para os que foi autorizada.*
 - d) *Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.*
 - e) *Disolución, fusión ou escisión da empresa.*
 - f) *Revogación unilateral por parte do Concello de Vigo, cando así o requiran motivos de interese público municipal, sen xerar dereito a indemnización, o que deberá comunicarse á empresa cunha antelación mínima de tres meses.*
10. *Extinguida por calquera das causas previstas a autorización, a entidade autorizada procederá á retirada de todo o material de construción e terras depositadas na parcela municipal, nun prazo máximo de quince días dende a data da notificación da extinción, correndo do seu cargo os gastos que se xeren, e debendo repoñer o dominio público municipal ao seu estado orixinal.*

Segundo.- A presente autorización formalizarase en documento administrativo nun prazo de 15 días dende a data da notificación do presente acordo ao solicitante.

Terceiro.- Dar traslado da presente aos servizos municipais interesados.

5(790).- INCOACIÓN DE EXPTE. DE DECLARACIÓN DE EXTINCIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA A OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO (QUIOSCO NA AVDA. GRAN VÍA). EXPTE. 19218/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 27.06.11, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e pola concelleira delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).*
- *LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).*
- *LRXAP e PAC (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).*
- *Prego de condicións administrativas aprobadas por acordo plenario de 29 de abril de 1982 polo que se rexe a concesión administrativa de uso do dominio público municipal para a instalación de quioscos destinados a venda de prensa periódica con exclusión doutra actividade negocial.*

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.-O Pleno municipal por acordo adoptado o 7 de marzo de 1983 adjudicou á D. Jose L. Darriba Fernández a concesión administrativa para a instalación e explotación dun quiosco de venda de prensa na vía pública consonte o prego de condicións administrativas aprobadas polo Pleno Municipal o 29 de abril de 1982.

SEGUNDO.- Polo departamento de Mobilidade e Seguridade deste Concello informouse en data 2 de decembro do 2010 que o quiosco sito na Avda. Gran Vía á altura do nº 132, atopabase rexentado por Dª Mª Gladys Pereira Alonso.

TERCEIRO.- Por oficio do Concelleiro delegado de Patrimonio de data 8 de marzo do 2011, notificado o 9-05-2011, comunicouse á D. Jose L. Darriba Fernández o informado polo departamento de Mobilidade, outorgandolle un prazo de 15 días para que poidera ter vista do expediente e formular as alegacions e presentar a documentación que, na defensa dos seus intereses, tivera por conveniente. Non constando a presentación de alegacións no devandito prazo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- De acordo co Prego de Condicións administrativas para a instalación de Quioscos na vía Pública, aprobado por acordo do pleno municipal 29/04/1982, que serviu de base para a adjudicación do concurso público e polo que se rexe a concesión administrativa outorgada a D. Jose L. Darriba Fernandez, dado o carácter persoal da mesma, considerase extinguida a concesión polo cese na actividade, debido a calquera causa do concesionario inicial, salvo os casos de transmisión intervivos ou mortis causa previstos na Base XII que en calquer caso haberá de ser autorizada pola Administración Municipal (Base VIII).

Así mesmo dispónese na Base XV, que a concesión resolverase por algunha das causas seguintes: (...)**9.- Traspaso ou cesión da Concesión sen autorización expresa e previa da Administración.**

SEGUNDO.- A facultade do concesionario para a transmisión da concesión prevese e regulase na Base XII que a contempla unicamente nos supostos de que o adquirente sexa pariente por consanguinidade ou afinidade en primer grado e concorran circunstancias análogas ás que serviron de base a concesión, tendo que ser autorizada en calquer caso pola Administración municipal tanto resulte de actos intervivos como mortis causa.

TERCEIRO.- A teor do exposto, e toda vez que segundo resulta do informado polo departamento de Mobilidade e Seguridade no mes de decembro pasado, o quiosco sito na Avda. Gan Vía á altura do nº 136 atopase rexentado na actualidade por D.^a M^a Gladys Pereira Alonso, non constando que se tivera outorgado a correspondente autorización administrativa para a cesión ou traspaso da concesión tal e como esixe o prego de condicións que a rexe, nin que o seu titular manteña a xestión do mesmo, procedería a incoacción do correspondente expediente administrativo para a declaración da extinción da concesión administrativa polo cese de D. Jose L. Darriba Fernández na actividade do quiosco e súa xestión por persoa distinta non dispoñendo de autorización municipal.

CUARTO.- Resulta competente para a adopción do presente acordo, a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto na Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público na súa Disposición Adicional Segunda, apartado 3.

Por todo elo, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“PRIMEIRO.- Incoar expediente administrativo de declaración de extinción da concesión administrativa outorgada o 7 de marzo de 1983, á D. Jose L. Darriba Fernández para a ocupación do dominio público municipal mediante a instalación dun quiosco na Avda. de Gran Vía desta cidade de Vigo, ao cesar na súa actividade e atoparse rexentado por terceiro non autorizado, consonte o disposto na Base VIII e XV.9 do Prego de condicións administrativas pola que se rexe dita concesión administrativa.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á D. Jose L. Darriba Fernandez, outorgándolle un prazo de quince días, a contar dende o día seguinte a súa notificación, para que teña vista do expediente e poida formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses teña por conveniente.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(791).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA Á EMPRESA PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL POLA XESTIÓN DO MONITORAXE “VIGO POR DENTRO” MESES ABRIL-MAIO DE 2011. EXPTE. 12932/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 30.06.11, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 16.06.11, conformado pola concelleira-delegada de Educación, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno local en sesión de 10 de decembro de 2007 acordou adxudicar Producción e Xestión Cultural S.L., o Lote A (monitoraxe e comunicación), e a "Autocares la Florida, S.A." o lote B (Transporte), do concurso para a contratación dos servizos do programa educativo municipal Vigo por dentro, de acordo cos pregos de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno Local de 10 de setembro de 2009 e a oferta presentada.

Na FEC, no apartado 7.1.2 establecíase que o prazo do contrato sería de dous anos, prevéndose no apartado 7.3 a posibilidade de prórroga e especificando no pto 7.3.1 unha duración da mesma de dous anos prorrogables ano a ano.

O contrato administrativo asinado entre as partes é de data vinteun de xaneiro de 2008, comezando a contar o prazo o 1 de febreiro dese ano.

A Xunta de Goberno Local, en data 29 decembro 2009 acordou aprobar a contratación da primeira prórroga que remataba o 31 de xaneiro de 2011.

De acordo co informe do técnico do servizo de educación sobre a necesidade de contratación da segunda prórroga a ambas empresas dende o 1 de febreiro de 2011 ata o 31 de xaneiro de 2012, iniciouse por parte do Servizo de Educación o procedemento para a aprobación da derradeira prórroga, enviándose o expediente á Intervención xeral para reserva de crédito o 24/02/2011, se ben por erros na coordinación entre os dous servizos, provocados pola concatenación de circunstancias imprevistas, o expediente non foi tramitado polo servizo de Educación para a súa aprobación pola Xunta de Goberno ata o día 9/02/2011.

A Xunta de Goberno Local, en virtude dos informes favorables obrantes no expediente, na súa sesión de 9/02/2011, acorda “aprobar a segunda prórroga do contrato do servizo do programa educativo municipal Vigo por Dentro, adxudicado poloa Xunta de Goberno Local de 10 de decembro de 2007 a Producción e Xestión Cultural, SL, o Lote A (monitoraxe e comunicación), e a Autocares La Florida, SA, o lote B (transporte), dende o 1 de febreiro de 2011 ata o 31 de xaneiro de 2012”

Remitido o expediente dende o Servizo de Educación á Intervención xeral o 15/02/2011, coa finalidade de que se emita o correspondente documento contable correspondente á prórroga, o expediente devólvese a este servizo con Dilixencia do Interventor Xeral de 28/02/2011 na que se indica “Recibido nesta dependencia expediente 8548/332 “Prórroga contrato do programa educativo municipal “Vigo por Dentro”, devólvese ante a imposibilidade de Tomar Razón do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na medida en que a prórroga acordada non se podería realizar pola inexistencia de contrato vixente, por conseguinte estaríamos no suposto do artigo 62.1.C da Lei 30/1992.”.

Habida da imposibilidade --sen causar graves prexuízos á comunidade educativa--, de suspender o servizo ao inicio do segundo trimestre do curso escolar, en plena actividade e coa totalidade das visitas programadas ata a finalización do curso 2010-2011 xa concertadas cos Colexios, seguindo instrucións da concelleira delegada de Educación continuouse prestando o servizo de monitoraxe e comunicación, por parte da empresa adxudicataria do contrato inicial Producción e Xestión Cultural, SL (así como o contratado no lote B Transporte por Autocares La Florida, SA), nos mesmos termos cós vixentes no contrato.

Como consecuencia desta continuidade na prestación, a empresa Producción e Xestión Cultural S.L. emitíu as facturas num 48/11 de 02/05/2011 (expte. 12929/332) e num 64/11 de 01/04/2011 (expte. 12928/332), correspondentes, respectivamente, á prestación do Servizo os meses de abril e de maio deste ano, por un importe cada unha de 13.479,53 € e unha suma total das dúas de 26.959,06 €.

Á vista dos antecedentes anteriores, a Concelleira delegada de Educación, en data 25 de abril de 2011, resolveu iniciar expediente administrativo para a contratación dos servizos necesarios para implementar o programa educativo municipal “Vigo por Dentro”

O importe das facturas citadas por un total de 26.959,06 euros correspondentes á prestación do servizo de monitoraxe e comunicación do programa educativo Vigo por Dentro, nos meses de abril e maio de 2011 pola empresa Producción e Xestión Cultural, considerase adecuado, xa que o cálculo foi efectuado en base aos mesmos criterios e correspóndense co prezo existente no momento de vixencia do contrato e coas mesmas prestacións efectuadas nos meses anteriores de vixencia.

PROPOSTA

Polo exposto, co fin de aboar á empresa PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L., a cantidade adebedada, faise necesario que pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, se adopte o acordo de pagar a esta empresa, en concepto de indemnización substitutiva pola prestación do servizo de monitoraxe e comunicación do programa educativo municipal Vigo por Dentro durante os meses de maio e de abril de 2011, a cantidade de 26.959,06 € con cargo á partida presupuestaria 32102279905 do vixente presuposto municipal.

En consecuencia, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O

1. Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 09/02/2011 polo que se aprobaba a segunda prórroga do contrato do servizo do programa educativo municipal Vigo por Dentro, adxudicado pola Xunta de Goberno Local de 10 de decembro de 2007 a Producción e Xestión Cultural, SL, o Lote A (monitoraxe e comunicación), e a Autocares La Florida, SA, o lote B (transporte), dende o 1 de febreiro de 2011 ata o 31 de xaneiro de 2012”

2. Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.” (CIF B36743755), por un importe total de 26.959,06 euros, pola prestación do servizo de monitoraxe e comunicación do programa educativo municipal “Vigo por dentro”, correspondente aos meses de maio e abril de 2011, que se imputarán á partida presupuestaria 3210 227 99 05 do vixente exercicio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(792).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DE EDUCACIÓN DE APROBACIÓN DAS LISTAS DEFINITIVAS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E LISTAS DE AGARDA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, CURSO 2011-2012. EXPTE. 12942/332.

Dáse conta da resolución da concelleira da Área de Facenda, Patrimonio e Educación, do 21.06.11, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Vista a proposta contida no informe do xefe do Servizo de Educación de data 21 de xuño de 2011, sobre reclamacións e lista definitivas de adxudicación de prazas e listas de agarda para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2011/2012 (expte. nº 12942/332)

RESOLVO:

- 1. Estimar, polas razóns expostas no informe técnico do Servizo de Educación de data 21/06/11, e incorporar aos respectivos expedientes a documentación aportada pola/os seguintes recurrentes: Nadja María Dos Santos (Nº Rex. 110081607), incluíndoa, unha vez revisada a baremación, no listado da EIM Tomás Alonso cunha puntuación de 17 puntos. Marcos Salek González (Nº Rex. 110082672), incluíndoo, unha vez baremado, no listado da EIM de Bouzas, cunha puntuación de 15 puntos. Marisol Elizabeth Escalante Gonzales (Nº Rex. 110083126), incluíndoa, unha vez revisada a baremación, no listado definitivo da EIM Tomás Alonso cunha puntuación de 16 puntos. Beatriz Gómez Prieto (Nº Rex. 110084214), incluíndoa, unha vez revisada a baremación no listado definitivo da EIM Atalaia, cunha puntuación de 22 puntos. Rebeca Lis Riobó (Nº Rex. Doc. 110085265), aceptar a revisión de baremación pasando a obter unha puntuación definitiva de 16 puntos na EIM Santa Cristina. Flora Sonia Uriz Castelo (Nº Rex. 110085311), incluíndoa, unha vez revisada a baremación, no listado da EIM Santa Cristina cunha puntuación de 16 puntos. Lorena Seijo Pereiro (Nº Rex. 110085847), incluíndoa, unha vez revisada a baremación, no listado da EIM Santa Cristina cunha puntuación de 15 puntos. David González Barreiro (Nº Rex. 110086324), incluíndoo, no listado da EIM Santa Marta, cunha puntuación definitiva de 16 puntos. Patricia Núñez Lorenzo (Nº Rex. 110086324), incluíndoa no listado da EIM Santa Marta, cunha puntuación definitiva de 18 puntos. Amalia Núñez Niño (Nº Rex. 110086410), incluíndoa no listado da EIM de Bouzas cunha puntuación de 13 puntos. Eva María Pichel Freiría (Nº Rex. 110086586), incluíndoa, no listado definitivo da EIM Santa Marta cunha puntuación de 15 puntos. Silvia Gallego Álvarez (Nº Rex. 110086751), incluíndoa, nos listados definitivos da EIM cunha puntuación de 18 puntos. Carmen Mayhuasca Bendezu (Nº Rex. 110086829), incluíndoa, no listado definitivo da EIM Tomás Alonso cunha puntuación de 16 puntos.*
- 2. Desestimar, polas razóns expostas no informe do técnico do Servizo de Educación de data 21/06/11, as reclamacións presentadas por: Francisco Javier Correa (Nº Rex. 110084470), Gumersinda Barbeito Fernández (Nº Rex. 110085162) e Mª Jesús Pérez Filgueira (Nº Rex. 110086548).*
- 3. Aprobar definitivamente as listas de adxudicación de prazas e lista de agarda nas Escolas Infantís Municipais de Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis, Santa Marta-Casco Vello e Costeira-Saiáns, para o curso 2011-2012, que se inclúen no expediente.*
- 4. Ordenar a publicación das listas citadas no taboleiros de anuncios das Escolas Infantís Municipais e na páxina web municipal.*
- 5. Indicar aos interesados/as que a resolución que se lle notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 109.c) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públi-*

cas e do Procedemento Administrativo Común 30/1992, de 26 de novembro. Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o dictou no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992. Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1, 46.1 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-Administrativa, 116 e concordantes da Lei 30/1992, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación; sen presuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

Desta Resolución darase conta á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

8(793).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 8.000 € A FAVOR DA SOCIEDADE PROTECTORA DE ANIMAIS E PLANTAS DE VIGO. EXPTE. 7805/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.05.11, e de acordo co informe-proposta da xefa do Departamento de Medio Ambiente, do 21.06.11, conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva a favor da Sociedade Protectora de Animais e Prantas de Vigo, con C.I.F.: G-36.638.955, correspondente á factura de data 04/05/2011 (doc. 110061164), polo concepto de “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais e Prantas” por importe de 8.000 euros, con imputación á partida 1720.227.99.04 do orzamento en vigor.

9(794).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE ABRIL, MAIO E XUÑO DE 2011. EXPTE. 34770/212.

Mediante escrito de data 1.07.11, o concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, dá conta á Xunta de Goberno local dos contratos menores tramitados pola Policía Local entre os meses de abril e xuño de 2011, que son os seguintes:

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adxudicatario	Data Acordo	Data Rc	Importe Euros
34658-212	1320.629002	SUM	Adquisición dun etilómetro	Dragüer Safety Hispania	08/04/2011	12/04/2011	10.895,40
34691-212	1320.2219900	SUM	Adquisición de cartuchería	Manuel Santos Cao, S.A.	26/04/2011	06/05/2011	4.500,00

34693-212	1320.6290003	SUM	Adquisición cámaras de seguridade	Seguridad J.L. S.L.	27/04/2011	02/05/2011	2.950,00
34720-212	1320.2219900	SUM	Adquisición de lanternas	CIES	30/05/2011	06/06/2011	5.850,00
34728-212	1320.2210400	SUM	Adquisición de manguitos	El Corte Inglés	24/05/2011	31/05/2011	5.520,00
34729-212	1320.6290004	SUM	Adquisición de emisoras	Taelpo Telecom	27/05/2011	30/05/2011	3.005,28
34730-212	1320.6290005	SUM	Adquisición equipo detección de drogas	Dragüer Safety Hispania	27/05/2011	30/05/2011	6.136,00
34718-212	1320.2279910	SER	Curso conducción Todoterreo	Enseñanzas Automovilísticas Oteva, S.L.	27/05/2011	06/06/2011	1.600,00
34744-212	1320.2279910	SER	Curso salvamento acuático	Carlos Vales Porto	27/05/2011	08/06/2011	1.296,00
34777-212	1320.2140000	SER	Reparación pintura e cambio adhesivos en vehículo policial. Adaptación normativa autonómica	Talleres Fontán, S.L.	24/06/2011	28/06/2011	759,78
34775-212	1320.2140000	SER	Instalación emisoras en vehículos policiais	Telga comunicaciones	24/06/2011	29/06/2011	1.711,00

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

10(795).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE D. JERÓNIMO CETRON CASTAÑOS COMO ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS. EXPTE. 21762/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Recursos Humanos, do 4.07.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un periodo máximo de seis meses a D. Jerónimo Centron Castaños, con DNI 36.100.978-V, aspirante que superou tódolos exercicios do proceso selectivo celebrado ao efecto.

Segundo.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, finalizando automáticamente a relación de servizo e cesando en consecuencia o mesmo –ademais de polas causas legalmente establecidas- polo transcurso do tempo determinado ao efecto, percibindo as retribucións básicas correspondentes a unha praza de enxeñeiro de camiños, canais e portos (escala de administración especial, encadrado no subgrupo A1 de titulación, escala técnica, administración especial, cometidos especiais, clase superior) e as retribucións complementarias asignadas a un posto de traballo de técnico superior en Administración Especial de análogas características (Salario Base: 1.109,05; CD 26; CE 680 e parte proporcional de paga

extraordinaria), sendo ascrito a Oficina Municipal de de Supervisión de Proxectos, Infraestructuras e Obras (OSPIO) cód. 443), dependente da Area de Servizos Xerais.

Terceiro.- O réxime de prestación do servizo, con adicación exclusiva, será o mesmo que o previsto para o persal funcionario do Concello de Vigo encadrado no Subgrupo A1.

Cuarto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

11(796).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE XANEIRO E MAIO DE 2011. EXPTE. 22117/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 1.07.11, e de acordo co informe-proposta da técnico de Recursos Humanos, do 1.07.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente aos meses de xaneiro e maio-2011 (inclúe atrasos meses febreiro, marzo e abril-2011 do servizo de Extinción de Incendios) con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Central (Medio Ambiente)	De Manuel Alonso Iglesias a Miguel Angel Alonso Alonso	Xaneiro-2011	259,00
Parque Central	De Miguel Alonso Alonso a Bernardo Rodríguez Lestón	Xaneiro-2011	216,00
Parque Móbil (Limpieza)	De Benjamín Guisande Carrera a Florentino Prieto Domínguez	Xaneiro-2011	39,00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a J. Manuel Villaverde Villaverde	Xaneiro-2011	492,15
Parque Móbil (Desinfección)	De Jesús Pérez Tomé	Xaneiro-2011	27,00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Alvarez	Xaneiro-2011	382,50
Alcaldía (Oficina)	De Raquel Abalde Comesaña	Xaneiro-2011	85,00
Alcaldía (conductores)	De Basilio Costas Fernández a	Maio-2011	184,00

	Camilo Fontán Balbuena		
OSPPIO	De Angel Ferro Mancho a Loreto Romero Gil-Delgado	Xaneiro-2011	161,00
1ª Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas a Manuel A. Vázquez Martínez	Maio-2011	18,00
Extinción Incendios (Oficina)	Mª Luz Palmás Calvar	Xaneiro-2011	48,00
Extinción Incendios	De Manuel Alonso Abalde a José Carlos Vila Da Vila	Maio-2011	1.100,00
Cultura	Ramón Vázquez Martínez	Xaneiro-2011	22,00
Policia Local (Xulgados)	De Manuel F. Aguado Taboada a Juan G. Vivero Mijares	Maio-2011	1.248,00
Policia Local (Horas en exceso)	De José L. Alonso Moreira a José M. Villar Fernández	Maio-2011	1.015,10
Vías e Obras	De José L. Amoedo Cabaleiro a Federico Rodríguez Prieto	Xaneiro-2011	313,00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Rimundo Villar Estevez	Xaneiro-2011	140,00
Desinfección	De A. Avelino Pardellas Aviión a José Ramón Seijas Álvarez	Xaneiro-2011	79,00
Conserxería	Mª Teresa Vaqueiro Herbello	Xaneiro-2011	29,30
Limpeza	Fernando Fernández Pérez	Xaneiro-2011	18,00
Recursos Humanos	Amelia Aragunde Martínez	Decembro-2010 Xaneiro-2011	112,34
Servizo Extinción Incendios (Atrasos)	Abreu Torres, Francisco J. a Villar Domínguez, Manuel	Febreiro-Marzo e Abril	3.888,00

O montante do presente expediente ascende a un total de 101.608,67 €.

12(797).- SOLICITUDE DE PRODUTIVIDADE A D. ANGEL FERRO MANCHO. EXPTE. 21837/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 30.05.11, e de acordo co informe-proposta da técnico de Recursos Humanos, do 1.07.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar a D. Angel Ferro Mancho, empregado municipal con N.P. 79185, un complemento de produtividade pola realización das funcións realizadas ao longo do ano 2010, nos termos do informe de satisfacción do traballo realizado e o resultado positivo obrantes no expediente administrativo e que anteceden á precedente proposta; complemento retributivo que se fixa na cantidade de 1700.78€, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade”.

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 1700.78 €, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade, a favor do empregado municipal D. Angel Ferro Mancho, empregado municipal con N.P. 79185.

13(798).- PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIÓN A D. RAFAEL OJEA PÉREZ. EXPTE. 22092/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 13.06.11, dáse conta do informe-proposta da técnico de avaliación e formación, do 23.05.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións; e dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos municipais, en canto a xestión do mesmos, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento de programas dos servizos, etc, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, o Concelleiro delegado de Xestión Municipal resolveu encomendar provisionalmente a distintos funcionarios municipais funcións propias doutros postos de traballo vacantes, con carácter estritamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal esten adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares.

Por acordo da Xunta Goberno Local, de data de 24 de setembro de 2007, adoptouse a medida de encomendar ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de xefe do servizo de Educación e supervisión do Organismo Autónomo Municipal “Escola de Artes e Oficios” ao funcionario municipal D. Rafael Ojea Pérez, deixando sen efecto a encomenda de funcións de dirección do dito organismo efectuada ao funcionario D. Jacinto Martín Barreras por Decreto da Alcaldía de data 16/06/2006, así como aquelas outras que puidesen ter sido autorizadas na Área de Educación e así mesmo no punto quinto “Recoñecer un complemento de produtividade aos ditos funcionarios pola encomenda de funcións acordada, previa acreditación da realización efectiva das funcións encomendadas, sen prexuízo das previsións dos Orzamentos municipais para o ano 2008.

Como consecuencia da resolución, o funcionario D. Rafael Ojea Pérez vén desempeñando as funcións correspondentes á supervisión da Escola Municipal de Artes e Oficios ao continuar vacante o posto do director, e as xefaturas do Servizo de Educación dende o 1 de outubro de 2007.

Trala solicitude do aboamento do complemento de produtividade en data 18 de Abril de 2010, procederase ao pago do mesmo pola contía do complemento de destino do posto de Director da Escola Municipal de Artes e Oficios correspondiente ao período que vai dende o 1 de decembro de 2010 ata o 30 de marzo do 2011;

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento legislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado

b), debe acudirse ao preceptuado no o art. 28 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2011, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais dos traballadores/as.

As vixentes Instruccions sobre Plantilla e Relacion de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporacion e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sua sesion de 20 de setembro de 2010 recollen expresamente unha detallada regulación do complemento de produtividade e dos requisitos para a súa percepción (Instrucción Terceira, parágrafo sexto):

“En todo caso, retribuirase:

- ▣ A actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados, autorizada pola Alcaldía, tralo informe favorable da Xunta de Persoal, por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado.

Para a sua tramitación será imprescindible proposta do Xefe do Servizo, conformada polo Concelleiro/a Delegado/a da Área. O Xefe do Servizo deberá dar conta á Unidade de Persoal da finalización da acumulacion no mesmo día na que se produza, remitindo a Unidade de Persoal informe no que se faga constar as tarefas desempeñadas correspondentes ao posto acumulado, asi como a avaliación do desempeño das tarefas acumuladas.

En ningún caso poderase acumularse postos de inferior categoría.”

A produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados.

Na actualidade non existe no Concello mecanismo algún que permita efectuar unha avaliación do rendemento dos empregados públicos municipais –mecanismo a todas luces recomendable e case imprescindible aos efectos de que os devengos retributivos en concepto de produtividade se asignen consonte a criterios obxectivos. Lémbrese que a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, atópase na actualidade pendente de desenvolvemento normativo, tanto por parte do lexislador estatal como polas Comunidades Autónomas no seu marco competencial constitucionalmente asignado, polo que tampouco están definidos criterios legais que servan de orientación a estes efectos e que permitan a aprobación de mecanismos ou sistemas acordes coa vontade do lexislados e que sexan homoxéneos para a totalidade das Admnsitracións Públicas.

Segundo os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, o funcionario referenciado non disfruou de vacacións ni estivo de baixa por IT, e disfrutou de 13 días de permiso pro asuntos propios no período comprendido entre o 1 de decembro de 2010 ao 30 de marzo de 2011.

En consecuencia, ao funcionario D Rafael Ojea Perez, tendo en conta os importes do complemento de destino 28, que ascende a 832,4€ corresponderíalle o aboamento da cantidade de 2968,89€, polas funcións desenvolvidas no período comprendido entre o 1 de decembro de 2010 ao 30 de marzo de 2011.

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 922.0.1500000-“Productividade”, con cargo ao RC 201100007355 nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1. Outorgar ao funcionario D Rafael Ojea Perez, con n de persoal 14775, un complemento de produtividade por importe de 2968,89€, pola realización das funcións encomendadas.*
- 2. Aprobar e comprometer o gasto por importe de 2968,89€ en concepto de produtividade a favor de D Rafael Ojea Perez, con nº de persoal 14775, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Productividade” (RC 201100007355).*

Dése traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(799).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A D. JOSÉ LUIS HERMIDA RODRÍGUEZ. EXPTE. 22091/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 10.06.11, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación, do 23.05.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1. Outorgar ao funcionario D. Jose Luis Hermida Rodriguez, con nº de persoal 13570 polo especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese e iniciativa con que esta a*

desempeñar as súas funcións, un complemento de produtividade por importe de 1700.00€.

2. Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 1700.00€ en concepto de produtividade a favor do funcionario anteriormente referenciada, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade” .

Dése traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

15(800).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A D. JESÚS ALFONSO PAZ. EXPTE. 22090/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 10.06.11, e de acordo co informe-proposta da técnico de avaliación e formación, do 23.05.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar ao empregado municipal D Jesús Alfonso Paz, oficial sepultureiro adscrito ao servizo de cemiterios, con nº de persoal 23490, complemento de produtividade por importe de 2.233.98, pola realización das funcións descritas no informe de data 28 de abril de 2011.

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 2233.98€ en concepto de productividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade”.

Dese traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Editos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación,.

16(801).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA AREA DE XESTIÓN MUNICIPAL DE DATA 28.06.201, DE ENCOMENDA DE FUNCIONS Á FUNCIONARIA D^a. BEATRIZ ALONSO ASENJO. EXPTE. 22155/220. Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 28.06.11, que di o seguinte:

As necesidades de persoal técnico no Servizo de Patrimonio, postas de manifesto no escrito remitido polo Xefe do Servizo de Patrimonio en data 6 de xuño de 2011, conlevan o necesario reforzamento provisional do mesmo con persoal técnico especializado, que permita realizar de modo eficaz as inspeccións técnicas de edificacións dacordo co disposto na Ordenanza Reguladora da ITE.

A tal obxecto, propónse no dito escrito a encomenda de funcións propias do posto e praza de arquitecto/a técnico municipal a favor da funcionaria D^a Beatriz Alonso Asenjo, con n^o de persoal 15.651, arquitecta técnica municipal adscrita ao Servizo 440 Area de Servizos Xerais por Resolución de data 6 de maio de 2011, que deberá contar co apoio do persoal do Servizo Electromecánicos.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE n^o 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente á funcionaria D^a Beatriz Alonso Asenjo, con n^o de persoal 15.651, arquitecta técnica municipal, a realización das inspeccións técnicas dos edificios municipais construídas entre os anos 1970 e 1980, relacionados nas comunicacións do Servizo da ITE da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 24 de maio de 2011.

Segundo.- Solicitar do Sr. Concelleiro-delegado de Fomento e do Sr. Xefe da Área a colaboración do persoal ao seu cargo adscrito ao Servizo de Electromecánicos no suposto en que eventualmente as tarefas de inspección así o requiran.

